



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil trece, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores, que toma posesión cando se cita.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D. Javier González Verde

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DE DONA CARMEN GLORIA FERNÁNDEZ OZORES.

O señor Alcalde indica que foi recibida no Concello da credencial de dona Carmen Gloria Fernández Ozores, que presentou como é preceptivo, a correspondente declaración no Rexistro de Intereses Municipal.

A continuación, dona Carmen Gloria Fernández Ozores xura o seu cargo, tomando posesión como concelleira, e o señor Alcalde lle desexa, en nome de toda a Corporación moitos éxitos, pois serán os éxitos do pobo.

PUNTO 2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DA XESTIÓN DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello de A Guarda de data 19 de febreiro de 2002 acordou a adxudicación do contrato de concesión para a xestión do servizo público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal á empresa TRANSGALAICA, formalizándose o contrato administrativo en data 28 de febreiro de 2002, cunha duración de cinco anos dende esa data, con posibilidade de prórrogas por períodos anuais, previo acordo expreso das partes, tendo lugar a última prórroga en febreiro de 2011, e sendo obxecto de modificación que se formalizou en data 7 de abril de 2008.

CONSIDERANDO que o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación, corresponde a éste acordar, no seu caso, a prórroga do contrato

Tendo en conta a inminente finalización da prórroga do mesmo, e a ausencia no Concello de persoal axeitado e suficiente para levar a cabo a xestión do servizo, que se presta pola empresa TRANSGALAICA nos últimos anos e de maneira satisfactoria para o Concello da Guarda

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Proceder á prórroga do contrato de concesión para a xestión do servizo público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal, en favor da empresa TRANSGALAICA, por prazo dun ano contado a partir da formalización do contrato en documento administrativo, mantendo as condicións sinaladas nos pregos que rexeron a contratación, e na modificación formalizada en data 7 de abril de 2008.

2.- Facultar ó señor Alcalde para a realización dos trámites de formalización da devandita prórroga.

3.- Notificar o presente acordo á empresa TRANSGALAICA”

A señora Estévez Álvarez pregunta se a empresa presentou as contas de 2012, contestando a señora Magallanes Álvarez que foron presentadas onte, todas as contas, os TC, e poden consultalo en Secretaría. Explica que se trata de contas realizadas con rapidez, porque remataron hai pouco os prazos do IVA e do resto de impostos.

A señora Estévez Álvarez di que van votar en contra, pois a empresa cumpre cos requisitos cando se lle piden as contas. Di que o Concello debe estar máis vixiante co cumprimento das obrigas da empresa, e deberían sacar un novo concurso, pois a maioría de gastos os cubre o Concello.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que na Comisión de Asuntos Plenarios quedoulle claro que o equipo de goberno non ten intención de abrir un novo concurso, se lles dixo que non era viable, pero sen documentación que servira de base. Votarán en contra, as medidas



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

do equipo de goberno sempre son a prol da empresa e non dos usuarios, como o aumento do prezo, a mala infraestrutura existente ou os recortes no horario. Cre que debera convocarse un novo concurso e pensar máis nos usuarios que na empresa.

O señor Fontenla Martínez quere manifestar que lamentan a convocatoria dun novo Pleno extraordinario, hoxe o seu grupo ten unha ausencia, deben tratar de conciliar a vida municipal e a vidas dos concelleiros, pois non poden compaxinalo cando as sesións non están pautadas. Di que o ano pasado houbo máis sesións extraordinarias que ordinarias, e teñen dificultades para ausentarse do traballo. En relación co punto do orde do día, votarán en contra, pois non teñen a documentación da empresa antes de votar; ademais, na Comisión de Asuntos Plenarios se lles dixo que se sacaban un novo concurso non a collería ninguén, pero teñen claro que a empresa non é unha ONG, e que busca o beneficio económico. Di que non hai intención do equipo de goberno de sacar unha nova concesión, eles o reiteraron con tempo suficiente. Votarán en contra, e lamentan non poder votar seis concelleiros, pois a convocatoria extraordinaria dificulta poder asistir.

O señor Español Otero di que cre que él non dixo iso na Comisión, senón que se deron as razóns para non abrir un novo proceso, pois se sinalou como exemplo algún Concello non moi lonxano, no que a licitación quedou deserta tres veces, o cal sería grave. Entendendo que podería quedar deserto e dado que hai certo grao de satisfacción, se decide prorrogar. Explica que estiveron sen interventor ata novembro e agora o teñen un día a semana, o que dificultou o proceso. Non descartan sacalo a concurso, pero agora se optou por prorrogar. Pon o exemplo do Concello de Redondela, que xa o sacou tres veces, recabaron información e non estaban interesados, pois co número de usuarios da Guarda era difícil obter rendemento. Ninguén ten unha empresa para non gañar cartos, e se prorroga para non obstaculizar o servizo. Di que a partir da incorporación da Interventora se mirará abrir un novo concurso.

O señor Lomba Alonso di que por sorte había máis xente na Comisión, pois lles quedou claro que non tiñan intención de abrir un novo concurso. Di que calquera que ten un negocio non é para perder cartos, pero iso non ten que ver con cómo se están facendo as cousas. Él dixo que quen estaba satisfeita era a empresa, pois todas as medidas se adoptaron no seu beneficio, a suba de prezos do ano pasado se fixo cun informe de parte, e o BNG xa manifestou que tiña que existir un informe do Concello. Cren que hai que abrir un proceso serio a acreditar os razoamentos con documentación.

O señor Fontenla Martínez di que tiñan clara a postura do equipo de goberno, na Comisión se preguntou cántos anos quedaban de prórroga e se lles dixo que uns vinte anos, pode que non sexa fácil, pero nas mesmas condicións actuais entende que a actual concesionaria a collería. Cren que hai falta de vontade do equipo de goberno, entende o caso do Interventor, pero se avisou cun ano de antelación, e se lles dixo que se estudiaría, polo que a excusa da falta de Interventor non é válida. Votarán en contra.

O señor Español Otero di que están expoñendo as súas razóns, son libres de tomar a decisión que consideren, pero considera que teñen sobradas razóns para prorrogar o contrato.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos en contra).

Existindo un empate, o señor Alcalde fai valer o seu voto de calidade, polo que a proposta prospera.

PUNTO 3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PARA ADECUACIÓN, SELADO E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE ENTULLOS DA LAMOSA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tendo en conta a necesidade urxente de proceder á clausura do vertedoiro de residuos sito no lugar de Lamosa no Concello da Guarda e recibido acordo da Comunidade de Montes da Guarda, titular dos terreos nos que se ubica o citado vertedoiro, no que se autoriza ó Concello da Guarda a levar a cabo as actuacións tendentes á adecuación, clausura e selado do vertedoiro

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. O Concello da Guarda, lexitimado polo acordo adoptado pola Comunidade de Montes da Guarda, titular dos terreos nos que se ubica o vertedoiro, se compromete á posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

2. O Concello da Guarda renuncia expresa a reter da achega do Concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

3. O Concello da Guarda se compromete a asumir, unha vez recibidas as obras e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o seu mantemento e conservación.

4.- Remitir o presente acordo á Xunta de Galicia e á Comunidade de Montes da Guarda.”

A señora Estévez Álvarez di que se van abster, o grupo de goberno debe estar pendente de que as empresas adxudicatarias cumpran as leis, e pregunta se o anterior adxudicatario cumpriu o convenio.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que a Xunta non lle impuxo ningunha sanción, explica que o goberno de España e o da Xunta de Galicia non cumprían coa normativa europea, o vertedoiro non cumpría esa normativa, posto que non cumpría a propia instalación en sí.

O señor Lomba Alonso di que se vai pechar o depósito e pregunta qué pasará a partir de agora, que imos facer cos entullos e onde se van depositar, con independencia da proposta que se leve pola Mancomunidade, máxime cando agora moitas obras serán de reforma, dada a situación actual.

O señor Español Otero di que isto é unha preocupación do equipo de goberno, xa están soportando esa presión. A medio prazo a solución é plantealo na Mancomunidade do Baixo Miño, pero quere transmitir tranquilidade, pois o Concello está facendo xestións cun xestor autorizado, a través dun contedor que se desprazaría e permitiría depositalos.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que non serán un impedimento para adoptar o acordo, dada a gravidade do asunto, e comparten a preocupación do BNG, polo que instan a traballar dende xa para obter unha solución, e para que non supoña un problema para empresas e cidadáns, cun aumento de custes, e piden que o Concello estea vixiante de vertidos noutras zonas.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

PUNTO 4º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL Nº 1/2013.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

D. José Manuel Domínguez Freitas, Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a falla de tramitación de facturas pertencentes a exercicios anteriores no departamento de Intervención.

Visto o informe de Intervención de data 15/02/2013, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, imputándose as mesmas as aplicacións orzamentarias do vixente orzamento municipal.

En atención ao exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos, N°1/2013, correspondentes a gastos sen consignación orzamentaria, que se relacionan no Anexo I adxunto ao expediente.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2013, os correspondentes créditos, con cargo ás partidas que se relacionan no ditado Anexo I.”

A señora Estévez Álvarez di que entenden que as empresas non teñen a culpa e teñen que cobrar, pero non está de acordo con este sistema, teñen que mellorar, non se pode facer isto sempre, deberán axustar o orzamento para que isto non suceda.

A señora García Díaz di que as empresas deben cobrar o que lles corresponde, e piden que se orzamente como se debe.

A señora Iglesias Ferreira di que non se van opoñer, e preguntan á concelleira delegada sobre a data na que se someterá o orzamento do 2013.

A señora Magallanes Álvarez di que están traballando, en canto estean as bases se chamará ós grupos. En canto ó recoñecemento, di que é un procedemento normal, todos os Concellos o fan, se traen as facturas a Pleno para recoñecelas e poder pagalas canto antes.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre